

Comentarios postos no blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

O ceo dos afogados

O libro ao principio foi un pouco lioso por que se xuntaban varios relatos e foime un pouco difícil de centrarme pero mentres ía avanzando xa o fun entendendo mellor, e ao final gustoume bastante. Os meus personaxes favoritos son Jonatahn e o seu pai porque o final do conto conseguiron estar xuntos e seguir adiante. (**Noelia**)

O libro empeza con varias historias que despois dan a unha conclusión. Os personaxes son Jonathan (ten un don para falar cos goliños e entendelos) e o seu pai, a loba e o seu lobeto e a masa de goliños que foron na busca de Jonathan para que os axudase. O que pasaba é que a auga estaba contaminada e entón foron todos á fabrica na que depuraban a auga e ..., á loba doíalle unha parte do seu corpo porque uns furtivos a feriran e entón o pai axuda ... O libro gustoume moito pero non comprendía por que pasaba o dos goliños, o de Jonathan e o seu pai ... pero aclarouse todas as miñas dúbidas no final que estivo bastante ben. (**Reinier**)

Ao comezo da historia lieime un pouco pero segundo fun avanzando funme enteirando de todo. Gustoume moito aínda que me custou bastante entendelo, foi moi interesante. (**Lara**)

O libro en xeral gustoume pero ao principio non o entendín moi ben. O meu personaxe favorito foi a adestradora de goliños, aínda que tamén me gustou moito a loba. A parte que máis me gustou foi cando Steve Subu contaba como era ser mergullador. A parte que menos me gustou foi cando Jonathan casaba a lobeto da trampa, porque no libro poñía que tiña os ollos comidos. (**Carlota**)

O libro gustoume a medias, xa que aínda que ao final se entende todo, ao principio líte bastante e é difícil de ler. (**Borja**)